



EXPTE Nº 793/2023

**ASUNTO: Contratación de servizos de axuda no fogar**

**INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS**

## INFORME DE INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Vista a Providencia de Alcaldía de data 13 de xullo de 2023, na que se indica que resulta necesario celebrar a contratación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Nogueira de Ramuín, de conformidade ao disposto no artigo 116.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público que establece que cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios. A tal efecto emítase o seguinte:

### INFORME

**PRIMEIRO.-**Insuficiencia de medios propios:

- O Concello de Nogueira de Ramuín carece da estrutura de persoal profesional que poida desenvolver o obxecto deste contrato. No Catálogo de Postos de Traballo non constan as prazas correspondentes ao persoal coa cualificación necesaria para atender as funcións que require o servizo.
- O servizo de axuda no fogar require o desenvolvemento de funcións específicas e concretas non habituais que só se poden prestar por unha empresa do sector con persoal que teña a especialización e cualificación necesaria para o desenvolvemento do servizo non sendo posible a prestación polo persoal municipal. A empresa adxudicataria deberá de dispor dos medios persoais e materiais necesarios para a adecuada execución do contrato.
- O Concello carece de medios propios persoais e materias para levar a cabo o obxecto da prestación

**SEGUNDO.-** O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) intégrase dentro dos servizos sociais comunitarios básicos de conformidade ao previsto no artigo 8 f) do Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a súa financiación e no artigo 11 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia. Os servizos sociais comunitarios poden ser prestados por parte das administracións públicas a través de distintas fórmulas, dentro das cales se prevé no artigo 29 da Lei:

- *A xestión indirecta no marco da normativa reguladora de contratos do sector público.*





## CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN

Teléf.: Administración 988 20 10 23 - 988 20 18 03 - Servizos Sociais 988 20 11 22 - Ofic. Cultura 988 20 15 25  
Fax 988 20 11 20 [www.nogueiraderamuin.com](http://www.nogueiraderamuin.com) Fax 988 20 18 15 - Estda. Nogueira, 3 - 32160 OURENSE

Resulta necesaria a externalización do servizo para que se poida seguir prestando. Indícase que esta prestación foi obxecto de contratación en ocasións anteriores.

**TERCERO.-** Débese de publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil do contratante de conformidade ao disposto no artigo 63.3 a) da Lei de Contratos do Sector Público.

En Nogueira de Ramuín, a 22 de setembro de 2023.

O Alcalde,

Julio Carlos Temes Pereira

